



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

Na sesión celebrada polo Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común, na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a vinteún de marzo de mil novecentos noventa e seis,

VISTO o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado " PENOUZOS-2 " a solicitude dos veciños de Baños de Molgas, e



RESULTANDO, que con data 7 de marzo de 1994, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, un escrito de veciños de Baños de Molgas, en solicitude de clasificación de parcelas non clasificadas no monte " PENOUZOS -2 ", que describen, en posterior escrito de 28-10-94 (nº 6376), e sinalan coa denominación de "Ansuiña", "petadiña", "Rio de Vide", "O Río Vello", "Tapada Nova" e "Porto Galego".



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán

OURENSE

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión de 30 de novembro de 1994, acordou iniciar o expediente de clasificación de monte "PENOUZOS-2", designando instructores do mesmo a D. Manuel Bouzas Costa e D. José Manuel Baltar Blanco, quen, aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Allariz, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo, ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Baños de Molgas e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario Oficial de Galicia (D.O.G. nº 143, do 27 de xullo de 1995), e no e no taboleiro de anuncios do Concello de Baños de Molgas, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario de dito Concello, o efecto de que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poidan compareceren ou interviren no mesmo, en defensa dos seus dereitos, sen que conste presentada ningunha alegación.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practícase no Rexistro da Propiedade de Allariz, o seguinte asento:

ANOTACIÓN DE SUSPENSIÓN, letra A, o folio 199 do libro 46 de Baños de Molgas, Tomo 314 do Arquivo, finca 6.504.



RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse todas as formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comeneiros pedi-la "actio communi dividundo".



CONSIDERANDO que segundo informacións e testemuñas resulta que das seis parcelas que integran o monte PENOUZOS-2, tan só, as catro que a seguido se describen, son aproveitadas e posuídas en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Baños de Molgas, no Concello do mesmo nome:

Os datos das parcelas son os seguintes:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

- RÍO DE VIDE
- Superficie: 1 Ha. aproximadamente.
- Extremas:

Norte: río Tioira.

Sur: D^a Concepción Bouzo, D^a Obdulia González
e outra.

Leste: río Tioira.

Oeste: río Arnoia.

- O RÍO VELLO
- Superficie: 1Ha. 5a. aproximadamente.
- Extremas:

Norte: D. Darío Vences.

Sur: D. Inocencio Ferriro e D. Federico Ferro.

Leste: D. Manuel Fernández e herdeiros de D.
Antonio Garrido e outros.

Oeste: río Tioira.



TAPADA NOVA

- Superficie: 2 Has. 3 a. aproximadamente.
- Extremas:

Norte: veciños de Foncuberta

Sur: río Tioira



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDEIRÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 Entrochán
OURENSE

Leste: río Tioira

Oeste: río Tioira e Monte dos veciños de
Baños de Molgas.

- PORTO GALEGO

- Superficie: 1 Ha. 6 a. aproximadamente.

- Extremas:

Norte: río Tioira.

Sur: D. Manuel Fernández

Leste: D^a Obdulia González

Oeste: río Tioira



Compre sinalar respecto ás parcelas denominadas "Ansuiña" de 1 ha. aproximadamente e "Petadiña" de unhas 2 Has. e 3 a., que o seu uso actual, non se adapta ó aproveitamento consuetudinario, requerido para súa consideración como monte veciñal en man común, segundo os artigos 1, da súa Lei reguladora e 1, do seu Regulamento.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños para que este Xurado poidera acordar a iniciación do expediente de clasificación.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO.- CLASIFICA-las parcelas denominadas "RÍO DE VIDE" de 1 Ha., "O RÍO VELLO" de 1 Ha. 5 a., "TAPADA NOVA" de 2 Ha. 3 a., "PORTO GALEGO" de 1 Ha. e 6 a., a favor dos veciños de Baños de Molgas, Concello de Baños de Molgas, e coas extremas descritas no Considerando terceiro, e que integran o monte PENOUZOS-2, como veciñal, en man común, en réxime de comunidade xermánica. Exclúense da clasificación, as parcelas " Ansuiña " de 1Ha. e "Petadiña" de 2 Ha. 3 a.

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde- Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 Entrecán
OURENSE

Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES perante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.



[Handwritten signatures and marks]

13 3 96

398

Ilmo. Sr.:

En relación con el escrito de V.I. en el que solicita informe sobre las características de las parcelas Ansuiña, Petadiña, Río de Vido, o Río Vello, Tapada Nova e Porto Galego para ser consideradas como monte al amparo de los arts. 1 de la Ley de Montes de 8 de Junio de 1.957 y 4 del Reglamento de 22 de Febrero de 1.962, debo manifestarle que girada una visita a dichas parcelas se ha podido comprobar que su ubicación se incluye dentro de los límites siguientes:

Parcela nº 1.- Límites:

- N.- Propiedades particulares
- S.- Río Arnoya
- E.- Propiedades particulares
- O.- Río Arnoya



Parcela nº 2.- Límites:

- N.- Río Arnoya
- S.- Pista de Baños de Molgas a Los Milagros
- E.- Propiedades particulares
- O.- Propiedades particulares

Parcela nº 3.- Límites:

- N.- Río Tioira
- S.- Río Arnoya y Propiedades particulares
- E.- Río Tioira
- O.- Río Arnoya

Parcela nº 4.- Límites:

- N.- Río Tioira
- S.- Propiedades particulares
- E.- Propiedades particulares
- O.- Río Tioira

Parcela nº 5.- Límites:

- N.- Propiedades particulares
- S.- Río Tioira
- E.- Río Tioira
- O.- Río Tioira

Parcela nº 6.- Límites:

- N.- Río Tioira
- S.- Propiedades particulares
- E.- Propiedades particulares
- O.- Río Tioira

En las parcelas señaladas con el N° 1 y con el N° 2 del plano que se acompañan existen unas instalaciones de carácter deportivo que las ocupan parcialmente y que fueron construidas hace unos quince o veinte años.

Al este de la parcela N° 1, y señalada en el plano con sombreado de color marrón y fuera del perímetro dibujado en color rojo, existe una porción de terreno destinada a área recreativa. Esta porción de terreno parece que no es objeto de clasificación.


A pesar del cambio de uso al que parcialmente fueron sometidas las parcelas N° 1 y N° 2, a juicio de esta Jefatura, por notoriedad y por el conocimiento que desde hace varias décadas tiene de ellas, entiendo que todas ellas, individual y colectivamente, reúnen las características necesarias para ser consideradas como montes de acuerdo con los artículos 1 y 4, respectivamente, de la Ley de Montes de 8 de Junio de 1.957 y su Reglamento del 22 de Febrero de 1.962. Dichas parcelas hasta su parcial cambio de uso, siempre estuvieron pobladas espontáneamente con especies herbáceas, arbustivas y arbóreas.

Orense, 12 de Marzo de 1.996

EL JEFE DEL SERVICIO DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTALES,



ILMO. SR. DELEGADO DE LA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E
M. - PRESIDENTE DEL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN. -



- 3 - RIO DE VIDE
- 4 - RIO VELLO
- 5 - TAPA DA NOVA
- 6 - PORTO GALEGO